

España

España mellora en educación, pero debe impulsar a formación profesional



O Ministerio e as comunidades autónomas pactan os 10 obxectivos prioritarios de mellora do sistema educativo

Segundo o último informe da OCDE, Panorama de la educación 2008, o noso país supera a media europea en titulados universitarios, pero rexistra unha desvantaxe de 10 puntos en titulados de formación profesional de grao medio.

O estudo fai referencia a datos do curso 2005-2006 e valora os sistemas educativos de 38 países. Nel indícase que o 64% dos mozos españois entre 25 e 34 anos completou, ao menos o bacharelato, fronte ao 27% da poboación entre 55 e 64 anos que ten o título de bacharelato ou de FP de grao medio. Por outra banda, superamos a media de Europa en número de mozos que rematan o bacharelato e a educación superior, e destacamos en equidade no referido ao acceso á universidade, á marxe dos ingresos económicos dos estudantes.

A secretaria de Estado de Educación e Formación, Eva Almunia, manifestouse satisfeita polos resultados deste informe, pero entende que cómpre darlle un grande impulso á formación profesional de grao medio. Coa reforma preténdese loitar contra o abandono temperán, ter máis titulados capaces de competir cos profesionais europeos, e recuperar os mozos que abandonan o sistema educativo para comezar a traballar. Por último, aposta polo establecemento de pasarelas o suficientemente flexibles para evitar o abandono definitivo dos estudos.

O pacto logrouse durante a reunión da Conferencia Sectorial de Educación e nel todas as administracións comparten, entre outros obxectivos, a necesidade de reducir o abandono escolar prematuro, incrementar a taxa de titulados en ESO e a proporción de alumnos de formación profesional. Na mesma reunión acordaron estratexias comúns para acadalos e resolveron que todos os nenos de entre 3 e 5 anos teñan praza de balde de educación infantil neste curso 2008-2009. O Ministerio investirá 428 millóns de euros, cuxa distribución entre as comunidades autónomas foi aprobada o día 11 de xuño de 2008.

Os dez obxectivos prioritarios para o noso sistema educativo teñen como eixo central conseguir o éxito escolar do alumnado e, segundo detallou a ministra Mercedes Cabrera en rolda de prensa posterior á Conferencia, son os seguintes:

1. Incrementar a taxa de escolarización en educación infantil.
2. Reducir o abandono escolar prematuro.
3. Aumentar a taxa de alumnos titulados en ESO: o éxito de todos os alumnos como finalidade.

4. Agrandar as taxas de varóns titulados nos estudos de educación secundaria postobrigatoria.
5. Mellorar o dominio dos alumnos en competencias básicas.
6. Ampliar a proporción de alumnao titulado en educación secundaria superior.
7. Elevar a porcentaxe de titulados en formación profesional de grao superior.
8. Acrecentar a taxa de alumnos graduados en ciencias, matemáticas e tecnoloxía.
9. Agrandar a porcentaxe de adultos que recibe formación permanente.
10. Incrementar o gasto público en educación, en relación co PIB.

As administracións tamén acordaron propostas para conseguir estas metas, entre as que destacan: impulsar os programas de cualificación profesional inicial, garantir unha oferta suficiente de prazas de formación profesional e facer as campañas necesarias para favorecer o aumento do número de alumnos que acceden e titulan nos ciclos formativos de grao medio, ou promover unha maior autonomía dos centros educativos e a súa apertura a unha maior participación das familias.

A educación infantil gratuíta a partir deste curso foi outro dos acordos acadados. Para logralo, o Ministerio achega 428 millóns de euros, o que supón un incremento do 145% nos últimos tres anos. O reparto do diñeiro realizarase mediante convenio coas comunidades autónomas e a través dos seguintes criterios:

- Poboación de 3 a 5 anos referida ao 1 de xaneiro de 2009: 63 %.
- Poboación total referida ao 1 de xaneiro de 2009: 31 %.
- Superficie: 4,2 %.
- Dispersión da poboación: 1,2 %.
- Insularidade: 0,6 %.

As novas titulacións primarán os contidos relacionados coa pedagogía da materia que o futuro docente terá que impartir

A secretaria de Estado de Educación e Formación así o manifestou no Foro de Formación do Profesorado de Secundaria, celebrado en Valladolid o pasado mes de xuño. O encontro reuniu a máis de 140 expertos en educación que trataron de analizar a situación dos licenciados dedicados á docencia. As novas titulacións atópanse en momentos de cambio para acomodarse ao Espazo Europeo de Educación Superior. Deste xeito, o actual CAP será substituído polo Máster en capacitación, que dotará o profesorado das ferramentas necesarias para enfrontarse á educación do alumnado, esperando, ao mesmo tempo, que favoreza "o recoñecemento da profesión docente".

O profesorado deberá responder a un novo perfil, que ha de superar a concepción de experto como transmisor de coñecemento, para incorporar ao seu labor as funcións de orientador, de educador e de guía. Neste sentido Almunia asegurou que nesta lexislatura traballarán no deseño de novos modelos de formación permanente, de acordo coas competencias necesarias na sociedade do século XXI: formación en idiomas, as TIC e a multiculturalidade.

O encontro rematou coa formulación dunhas conclusións entre as que cómpre salientar o apoio firme ao desenvolvemento normativo da LOE e a definición da nova formación do profesorado de secundaria. Neste sentido instan á colaboración entre as institucións estatal, autonómica e universitaria.

O CNICE ofrece unha nova serie de recursos educativos para a aula de inglés

A nova publicación, en soporte CD, inclúe a última versión de materiais multimedia para a aprendizaxe de idiomas e a ferramenta de autor Malted 2.6. Nesta versión permítese executar as unidades directamente dende o CD, ou ben instalar no ordenador todo o sistema Malted completo.

Compoñen a publicación un total de 59 unidades didácticas, estruturadas de acordo co currículo de ESO e bacharelato, pero poden ser aplicadas igualmente nas ensinanzas das escolas oficiais de idiomas e no último ciclo da educación primaria. Inclúe, así mesmo, unha guía didáctica con propostas de actividades de seguimento e diversas unidades de consolidación, de avaliación e de carácter lúdico.

Os recursos están na web de Malted (malted.cnice.mec.es), na que tamén se poden consultar outros materiais que o profesorado modifica e logo envía ao CNICE para a súa publicación na devandita web, contribuíndo desta maneira, a aumentar a reposición de materiais dispoñibles.

O CNICE convoca dúas veces ao longo de cada ano escolar un curso de formación avanzada orientado a ensinar como se emprega a ferramenta de autor Malted, e outro curso de carácter básico que lles permite aos usuarios achegarse aos materiais existentes na web e coñecer aspectos relacionados coa súa estrutura, as formas de descarga das unidades, etc.

A información sobre estes cursos de Malted pode obterse na web de Formación do Profesorado (formacion.cnice.mec.es).